



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SOBRADO

Exposición pública da aprobación do padrón fiscal SAF de xuño 2022

EDICTO

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL S.A.F. XUÑO 2022

Por resolución da Alcaldía n.º 284/2022, de data 7 de xullo de 2022, acordouse aprobar os padróns fiscais do mes de xuño de 2022 correspondentes ao prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar para as dúas modalidades: dependencia e libre concorrencia.

Vistas as liquidacións practicadas do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Sobrado no mes de xuño de 2022, de conformidade e en aplicación da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar deste Concello.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.–Aprobar as liquidacións practicadas do prezo público pola prestación do Servizo de axuda no fogar no Concello de Sobrado no mes de xuño de 2022, de conformidade co establecido na Ordenanza reguladora deste prezo público, e en aplicación do regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Sobrado nos seguintes termos: modalidade libre concorrencia e dependencia por importes respectivos de 2.436,21€ e 5.146,97 €.

SEGUNDO.–Dese conta do presente aos servizos administrativos e contables aos efectos oportunos.

TERCEIRO.–Expoñer ao público o padrón aprobado mediante a publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da corporación, por un prazo de 15 días dende a publicación. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

CUARTO.–Contra as liquidacións practicadas, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réximen local e no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto do B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta.

QUINTO.–O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses, contados a partir do día seguinte ó da finalización da exposición pública. Transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 a 28 da LXT. Non obstante, tal e como prevé a Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar deste Concello, publicada no BOP n.º 75, do 22/04/2014, os prezos públicos satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

Sobrado, 7 de xullo de 2022.

O alcalde

Luís Lisardo Santos Ares